



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA FINANCIAR A CELEBRACIÓN DUN EVENTO DE SURF ADAPTADO NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación Club Praia de Pantín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Club Praia de Pantín, a través da concesión directa dunha subvención para o apoio á celebración dun evento de surf adaptado, o V Campionato de Surfing Adaptado (ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO) que se celebra dentro do campionato mundial, do 24 de agosto ao 1 de setembro do 2024 na praia de Pantín, Valdoviño.

Adicionalmente ao propio evento de surf adaptado, haberá un espazo para a dinamización e creación de experiencias dirixido a colectivos e asociacións de persoas con discapacidade con actividades como o bautismo de surf, no que as persoas con discapacidade se iniciarán no mundo deste deporte adaptado a sus necesidades específicas; e obradoiros de motivación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Asociación Club Praia de Pantín para a concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da organización dun evento de surf adaptado no exercicio 2024.

A asociación Club Praia de Pantín, é a única que desenvolve un evento deportivo destas características, con alcance internacional, e baseado no surf adaptado. Polo obxecto e pola especificidade considérase que este evento presenta un carácter de exclusividade para a concesión directa da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato o Sector Público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Begoña Abeijón Fernández

